

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

EXTRACTO da Orde do 19 de marzo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para os anos 2024 e 2025 das axudas para estudos e investimentos vinculados á conservación, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural e á sensibilización ecolóxica na Rede de reservas da biosfera de Galicia, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva (código de procedemento MT724A).

BDNS (Identif.): 750917.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias e ámbito territorial*

1. Poderán ser entidades beneficiarias destas axudas os concellos incluídos no ámbito territorial de calquera das reservas da biosfera de Galicia (anexo XII que acompaña esta orde).

2. Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta orde outras entidades locais e agrupacións de concellos.

3. Son requisitos para obter a condición de entidade beneficiaria os enumerados nos puntos 1, 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. As axudas desta convocatoria aplicaranse a actuacións que se desenvolvan en zonas rurais situadas en calquera das reservas da biosfera de Galicia, dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma galega.

Segundo. *Obxecto e finalidade*

1. O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras do réxime de axudas dirixidas a promover a conservación e valorización do patrimonio natural e cultural de zonas



rurais cun elevado e contrastado valor natural como son as reservas da biosfera (código de procedemento MT724A).

Así mesmo, a través desta orde convócanse as axudas correspondentes aos exercicios orzamentarios dos anos 2024 e 2025 en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva que serán cofinanciadas polo Feader.

2. A finalidade desta orde é a de contribuír a deter e inverter a perda de biodiversidade, potenciar os servizos ecosistémicos e conservar os hábitats e as paisaxes, contribuíndo á consecución dos obxectivos recollidos na Intervención 6871. Investimentos non produtivos en servizos básicos no medio natural-subintervención 68710_01. RN 2000, incluída no PEPAC 2023-2027.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 19 de marzo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para os anos 2024 e 2025 das axudas para estudos e investimentos vinculados á conservación, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural e á sensibilización ecolóxica na Rede de reservas da biosfera de Galicia, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva (código de procedemento MT724A).

Cuarto. *Contía*

1. Crédito total da convocatoria: 1.800.000 euros. Esta dotación inicial poderase modificar e/ou incrementar nos supostos previstos no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Concederáse o 100 % do seu custo subvencionable, cun importe máximo de 30.000 €/proxecto. Só se admitirá unha solicitude de axuda e un único proxecto por persoa solicitante.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e irán dirixidas ao Servizo



de Patrimonio Natural da xefatura territorial correspondente da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Entenderase como último día de prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación.

Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2024

Ángeles Vázquez Mejuto

Vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

